


ENTREVISILLOS



O antigo cine de Muros, será o novo centro cultural de Muros. Isto implica que debe dar cabida a moitos más usos, tanto como sexan capaces de imaxinar os habitantes da vila. Para algúns deles será preciso luz natural, para outros non,algúns momentos será preciso ter máis dun espazo e noutros que todo o edificio se comporte como un único espazo. As catro estratexias principais de proxecto intentan dar resposta a estas premisas:

- Rehabilitación integral do edificio protexido. Levarase a cabo a recuperación e reparación da estrutura existente, saneado de muros, restauración do palco e carpinterías.
- Apertura dunha entrada de luz na zona do escenario. Deixando como escea cotiá un xardín vertical na medianeira.
- Colocación dun sistema textil que envolve o espazo e que pode recorrello de moitas formas diferentes para adaptarse a diferentes usos.
- Mecanismo de dous gradas que soben ou baixan en función de si a escea ten que ser máis grande ou máis pequena. Serven de grada para habilitar outro tipo de actividades.

Na nosa opinión, o centro cultural non debe ser un teatro baileiro. O uso teatro debe ser un máis de moitos, e polo tanto áñadimos que o palco recorde continuamente a tipoloxía a e orixa, e o edificio se rehabilita sen cambios sustanciais, temos que pensar nunha gran apertura de luz natural. Éste é o gran inconveniente do edificio actualmente para o desenvolvemento doutro tipo de actividades. A incorporación da natureza no interior do edificio, fai tamén que se faga visible o transcurso do ano e vincula o espazo ó tempo.



SECCIONES e: 1/100

CUBERTA:
Estudo e reparación da estrutura de cuberta que se atope en mal estado de conservación e substitución das cerchas que presenten problemas de estabilidade, así como reforzo nos apoios dos muros das cabezas dos tirantes que se atopen en mal estado. Sobre esta estrutura se construirá unha cubrición de tella sobre tableiro, lámina impermeable transpirable e fibrocemento.

Sobre o tirante se colocará unha pasarela para paso de instalacións e manipulación de mecanismos expositivos ou iluminación.

MUROS:
Límpieza, saneado e encalado dos paramentos existentes interior e exteriormente. Tan só se ampliará o oco de acceso dende a rúa lateral a nivel de primeira planta. Os saneados dos morteiros terán en conta a natureza do soproto, do que no se teñen datos.

INTERIOR:
TEITO: Un falso teito textil en color negro deixará ver parcialmente a estrutura. Cando se ilumine desde abaxo será opaco, cando se ilumine a estrutura ésta será visible dende a sala.

PAVIMENTO: O pavimento de pedra, colocado no exterior, no soportal, entrará e atravesará o edificio ata a saída pola planta primeira. O resto será de madeira tintada en cor negra.



PARAMENTOS VERTICAIS: A reparación dos muros existentes se completará con un cortinaxe de telón, opacos á luz e amortiguadores da reverberación do son. Estas cortinas se moverán por raias seguindo diferentes caminos e xenerando diferentes compartimentacións do espazo. Os pechamentos que separan a sala principal da medianeira axardinada e da sala da primeira planta serán de vidro para que entre luz natural dende a medianeira e dende a fachada principal na sala. As cortinas permitirán que a separación sexa tamén visual cando interese.

A rehabilitación integral do edificio, eliminando tabiquería e compartimentacións innecesarias, ten por obxecto, liberar a superficie para acadar un espazo de dimensións suficientes para actividades que supoñan gran concentración de xente, pero tamén da resposta á posibilidade de cambiar maltes de luz e tamaño con facilidade.




PLANTAS e: 1/100

ESQUEMAS



1. VESTÍBULO	17,57 m ²
2. BILLETEIRA	3,26 m ²
3. ASEOS ADAPTADOS	3,83 m ²
4. ASEOS FEMININOS	1,40 m ²
5. ASEOS MASCULINOS	1,56 m ²
6. DISTRIBUIDOR ASEOS	1,49 m ²
7. ALMACÉN	3,67 m ²
8. INSTALACIÓNS	1,86 m ²
9. ESCALEIRAS 1	16,72 m ²
10. ESPAZO 1 (151 asientos)	115,61 m ²
11. BANCADAS	24,30 m ²
12. ESPAZO 2	65,25 m ²
13. ALMACÉN BAJO ESPAZO 2	65,25 m ²
14. XARDÍN	22,60 m ²
15. DISTRIBUIDOR/CAMERINS	8,52 m ²
16. CAMERINS MASCULINOS	5,00 m ²
17. ASEO Y DUCHA ADAPTADO	3,32 m ²
18. DUCHA	1,41 m ²
19. ESCALEIRAS 2	6,41 m ²
20. ANFITEATRO (100 asientos)	70,65 m ²
21. DISTRIBUIDOR	7,25 m ²
22. OFICINA 1	9,70 m ²
23. OFICINA 2	7,84 m ²
24. BAR	18,67 m ²
25. CAMERINS FEMININOS	9,42 m ²
26. ASEO	4,40 m ²
27. DUCHAS	1,77 m ²
28. INSTALACIÓNS	4,40 m ²
29. INSTALACIÓNS (cota +5,89)	16,33 m ²
30. ÁREA DE CONTROL (móvil)	8,52 m ²



XANEIRO 2012

BELÉN VIVINTE

FEBREIRO 2012

OBRADOIROS ENTROIDO

MARZO 2012


CLASES DE IOGA



O marco natural que se acada creando un fondo de escea con luz natural, crea un ambiente propicio para o desenrollo de moitas das actividades que se levarán a cabo no centro cultural. A presenza da vexetación vincula un espazo moi volcado ó interior co ciclo do ano.

É fonte de luz, ventilación e posibilita o normal funcionamento do centro cando a actividade que se realize non sexa cine, teatro ou actividades que requirán oscurecemento total. Para iso será preciso correr o doble telón tal e como se conta nos planos.


A vexetación, sempre cambiante será a escea cotiá do antigo cine.



O tamaño do espazo principal tamén permite o seu uso para festas da vila, ou calquera actividade que requira una concentración dunhas 120 persoas ó redor de mesas,

Xantar, xogar e tantas outras actividades que podemos imaxinar en torno a unha mesa. Mesas e sillas terán que ser apilables ou desmontables para poder almacenarse baixo a escea.

Talleres de carnaval para facer disfraces, festa de fin de comparsa...



Os espazos 1, 2 e 3 pódense ser fácilmente independizables. Na sección se amosa como os tres poden funcionar por separado grazas a que disponen de luz natural directa.

O espazo 1 a través do ventanal que da ó mar, o 2 a través das portas laterais, dous en cada lado, que disporán de vidro na meirante parte da súa superficie.

O espazo 3 consigue luz a través da medianeira, soporte dun xardín vertical.



ABRIL 2012

MERCADILLO

MAIO 2012


TEATRO / CINE

XUÑO 2012

CONCERTOS



Poderíanse organizar mercados integrados en percorridos urbanos cubertos e abertos. Dende unha prolongación dos existentes ata mercados específicos que poderían abranguer moito máis territorio. Mercados de discos, feiras do libro, etc.



Para acadar a escea precisa para obras de teatro as duas gradas suben o nivel ata o da escea, prolongando esta un metro.

O dobre telón cerra polo parte de atrás o ventanal cara o xardín vertical, polo lateral un espazo auxiliar á escea e polo frente como telón convencional.

Os aseos e espazos auxiliares de acceso dende o nivel 1 pola rúa lateral, convírtense en camerinos e zonas de preparación da obra.

Iluminación e son se apoiará na estrutura, accesible mediante una pasarela



XULLO 2012

CINE Ó AIRE LIBRE

AGOSTO 2012


CAMPAMENTO DE VERÁN

SETEMBRO 2012

CHARLAS



No verán, dende a zona do paseo poderíanse proxeclar películas ou curtametraxes, organizando a zona de xeito que non se produzan interferencias cos carreis de tráfico.



O pasado de cine, amósase ó exterior. As fiestras do piso superior son os buratos polo que o edificio pode comunicar á vila.

Cine, fotografía, anuncios da progra-mación, iluminación da zona do porto para actuacións no paseo ou balcón.

No sentido contrario, podería proxeclar a película nunha escea móbil.






Mesas de xogos, circulos, ximnasia, talleres, biblioteca.

Pódense acadar dous ambientes diferenciados no espazo central, divididos polo telón.

O espazo de escea vinculado ó xardín vertical, e o do patio de butacas.

Arriba, mirando ó mar, existe a posibilidade de montar despachos ou talleres independentes, ou mesmo un área de recreo na que descansar da actividade ou amosar á cidade o fruto do traballo dos nenos.



A fronte da escea se divide en dous gradas regulables en altura. Como se ve na sección, esa grada desdibuxa en certo modo o límite duro que supón a escea con respecto ó patio de butacas. Axuda a que o uso sexa máis flexible.

Na imaxe podemos ver que cando se plantexe unha charla de pequeno afro podería correr o telón baixo o palco, co cal a xente pode seguir entrando sen molestar ó poñente, as gradas servirán de asentos e serán posible manter a luz natural.

No caso de que o poñente estivese no escenario normal sería posible evitar a contraluz correndo o telón só na parte central.

Como en todos os usos, o espazo da planta alta é independente, pudiendo ser foco de luz natural ou non, dependendo da configuración dos telóns.

OUTUBRO 2012

BAILE

NOVEMBRO 2012

EXPOSICIÓN

DECEMBRO 2012

NADAL



O espazo do patio de butacas, baleiro, poderá dar cabida a todo tipo de actividades de grupo. Dende clases de baile ou ximnasia a concertos ou exposicións.

As cortinas deixarán aberta a zona do xardín na medianeira, polo que o espazo gozará de luz natural suficiente para no ter que empregar a luz artificial en actividades como a representada na imaxe.

A relación coa natureza e os cambios que esta amosa ó longo do ano será a escea que dominará o gran espazo. Sería posible nesta configuración crear unhas zonas para cambio de ropa corriendo os telóns debaixo do palco. Deste xeito se crean dous vestuarios diferenciados



Igual que nos concertos, coa cortina que da á medianeira vexetal, o espazo sería apto para festas populares diurnas cando a climatoloxía non permita á súa celebración no exterior.

En resumo, con todas estas propostas de uso, además de exemplificar transformacións posibles do espazo gustaríamos transmitir a idea de que un centro cultural pode ser alma dunha vila, pode participar das festas populares, servir como lugar de ensinanza, ou tantas outras cousas. Para iso é preciso abordar a edificio como contenedor ligado ós percorridos urbanos.